

CHOIVA NO DESERTO, DESCOBERTAS E OASIS

Coltrane, tamén sobe e baixa tal se estiveramos nunha festa dun filme de Cassavetes. Cinema independente americano. Romper as normas do Clasicismo. Tamén Coltrane. Racha-lo todo. Construír desde cero. Para acadar un dez de dez. Tolear durante a hora na que te deleitas escoitando este disco. E desaparecer tras del. Xa somos outros despois desa experiencia. Así somos feitos de experiencias, de momentos TAZ. Zonas temporalmente autónomas. Creando un espazo e un tempo propios e transformámo-nos. Identidades nómades. Música con orixes africanas, pasadas polo filtro da música de clubs americana. Os negros que chegan a USA e revolucionan todo co jazz. Chegan, quedan e mudan os estados anímicos dos ouvintes. Mudar para evolucionar. Un río que non se opón á corrente. Un fluxo vital intensificado con estas notas. Notas improvisadas, notas pensadas, que nos levan polo leito dun río torrencial onde achamos unha certa forma de felicidade. Felicidade temporal. Felicidade espacial; a do baile. A da danza que nos fai saír dos propios corpos, das nosas mentes. E así conseguimos, si conseguimos, a ledicia espontánea e gozamos, tamén gozamos. O sentido do ouvido, a facilidade coa que a música penetra dentro de nós. A delicadeza do encontro. A fraxilidade dos momentos. Inseridos na forza vital. Contrapostos que se atopan neste disco. Bascular unha iniciativa, a de amarrar os pés á terra. Danzar descalzos nun deserto onde está comezando a chover. Ansiar a tormenta. A perfecta. Aquela que nos bota de nós mesmos e nos fai mirarnos no reflexo dunha sombra para recoñecer a distancia que hai entre nós e os outros, nunha epifanía común. Os ritos espontáneos. A liberdade que nos guía. Que nos fai non deternos asumindo o eterno fluxo que se expande. Reconstituír-nos das dúbidas e soste a certeza da luz. O que vemos. Gotas de auga quentes caendo sobre a area. E respirar sen ser conscientes o oxíxeno que delas emana. Nun estado de soño, de devaneo. De “rêve”. *Rêve général*. Un soño común. Bailar Coltrane nun deserto con choiva.

TROMPETA AO CHAN, SINERXÍAS E ANTICIPACIÓNS

Se todo dá igual e non nos queremos ver máis nalgún concerto, podemos visualizar o de Miles Davis Quintet en Estocolmo no 71, onde el, detrás das gafas de sol, toca tolamente a trompeta. E fai-no de maneira improvisada, nóta-se, agochando a cabeza para saborear mellor o instrumento. E todo queda á marxe. Só nos interesa a música e vivir unha especie de transo. Aquel que sentimos co acompañamento das percusións. Os bongós que denotan que eses músicos estaban fóra de si. Nada máis precisamos para ser felices. Nun estado catatónico seremos, por un momento, seres da nada. Na nada. Para a nada. Éter. Ese que se sacrifica a través da materialidade e se dispón a fuxir até non ollar-nos ao lonxe. A concatenación revela que o ritmo sincopado é o que determina o xogo. Xogamos a ser para achar repouso. Tal vez nestas butacas do clube. O show foi presentado por un home que fala inglés con aparencia de actor francés. E despois de todo: vén a bailar! Danza comigo. Bailaremos nese espazo até desfalecer. O un polo outro. Xuntos. A trompeta de Miles Davis que cala o chan, coa forte delicadeza das notas que actúan de bálsamo para a dor. Dor existencial agás na festa. “Fête général”. Seguir aquí dilucidando a trama, aquela que nos fai sobrevivir como actores principais. Xa non hai guión. Todo improvisación nesta actuación de Miles Davis.

PSICODELIA, ROUPAS DOURADAS E *RAVES*

Abrazar o disco vermello dun sol en Arizona, mentres as pedras aumentan a súa temperatura até ser imposíbel pousar-se nelas. Así é Sun Ra, un achado arqueolóxico descomposto en diversas osamentas que representan o vivido nalgún período ancestral. Un puzzle sideral cando só nos queda mirar as estrelas do ceo. Avanzando por galaxias xa coñecidas, ao escoita-lo unha e outra vez. Un bucle cósmico. Aí todas somos libres porque a lei da gravidade non existe. E aínda así non podemos voar porque non temos ás. Só brazos que erguer e corpos que soste até desfalecer. Os nosos corazóns palpitan cun ritmo africano-psicodélico escintilando irreparabelmente. Caemos xuntas nunha area branca que é o terreo non-firme no que bailamos. Chove e poñémolos a resguardo. Resistimos no oasis. O que sen querer, nos dá froitos. Comemos froitas recentemente caídas das árbores. Son cocos. Partímo-los en dous. Aquí están, aínda que sexa inexplicábel. A natureza e os seus misterios. Os misterios de Sun Ra. A luz é clara pero o chan é opaco agora, por mor da falta de luz. E sempre atentas á recomposición da partitura, sabemos que todo é grandemente espontáneo. Sae a música como caen os cocos. Sen saber o porqué. Ninguén recoñece a milagre de danzar. Todas asumimos o propósito do movemento. A inocencia. Todas somos culpábeis dun bondadoso desenfreo e non nos pisamos. Só nos miramos unhas as outras deixando lugar para nós mesmas, para cada unha. *Okupa* o teu espazo. A onde imos? Quizais a outra *rave* con música de Sun Ra.

CÁNTICOS, CEOS E CARROS VELLOS

Despois de toda as *raves* no deserto queremos volver a casa. Foron moitos meses de verán en Marrocos, quizais demasiados; conto tres. Os meses de xuño, xullo e agosto. Agora xa é setembro e si, por fin volto a Galiza. Este disco inicia-me no regreso a un estado mental de cotiandade, de experiencias verdadeiras, e de virtuosismo mental. Soltar a mente foi un bo exercicio. Tamén soltar o corpo. Un corpo que aínda vive. Pero non sabe voar, así, as nosas ás están nos pés, que se mollaban na terra coa nosa inercia aínda non constatada, coa nosa versión da historia que chegamos a escribir nun diario de viaxe. Volver despois da viaxe. Regresar a casa. Onde todos agardan. Os coros de Byrd, estas voces do disco, ofrécen-nos a totalidade. Pero xa non somos os protagonistas absolutos senón os corais. Estas mulleres que cantan unha especie de jazz abstracto, recórdan-me a todas as mulleres que alá coñecín. Son espazos multiculturais, sendo guetos. Ou zonas temporalmente autónomas. Crear e habitar outros espazos e xogar o xogo de ser felices por un instante. O verán que foi expandido emocionalmente. En outono comeremos castañas na cociña. A gastronomía galega. Cunqueiro. A cara b de *I'm tryin' to get home* no carro prepárame para chegar ao fogar. Soltar as notas coas pontas do dedos e aplaudir os novos comezos como unha epifanía orquestral. Cantos de mulleres que son invitacións a habitar o ceo. Cánticos celestiais.

CURUXAS BRANCAS, BACALLAU E LINGUAS

Pero como sempre queremos máis festa, faremos unha na casa e soará *Oh yeah!* de Charles Mingus. Eduardo traerá bacallau e preparáremo-lo á grella. Alí fóra, onde está a mesa grande de xardín. Ao carón hai un limoeiro, podado, para que collera máis forza. Meu avó Pepe plantou un limoeiro nunha terra chamada Cortes. Quizais o bacallau acabe demasiado torrado. Hai que ter conta, estar atentos. Soará si, jazz e comeremos. Unha forma de pracer. O sentido do gusto. O sentido do ouvido. Todos os sentidos á vez. Apoloxía. Falaremos de reintegracionismo e de que o puro portugués sexa un idioma oficial na Galiza. Para iso convidaremos ao Presidente da Xunta e tamén a algún membro da RAG. Convencerémo-los desa posibilidade. Dese desexo. Dese ansia. Dese necesidade. Mudará a vida dos galegos? Cremos que si, e para ben. Mudar a lingua, mudar a existencia. Traballo e festa. Combinar estas dúas variábeis e face-lo con harmonía. Tamén a deste disco agás as discordancias propias do jazz. Porque un berro a tempo vale máis que mil palabras. O salvaxe que se instala, que nunca deixou de existir, que aflora no presente desta celebración do *Oh yeah!*. A domesticación queda á marxe e berramos tal vez dirixíndo-nos aos animais do bosque que está preto, tanto que podemos ollar as curuxas xa de noite coa súa brancura brillante e movendo a cabeza 180°.

ARPAS HIPNÓTICAS, CLUBES E GUETOS

*Peace and love.* Ese é o único negocio. Dá-me paz. Dá-me amor. E entremos na tormenta perfecta, aquela que uniu a John e Alice para sempre. Non saír nunca dela foi a consigna. Entre lóstregos e choiva, seguir facendo música. Unha relación carnal e espiritual onde a *anima* e o *animus* estaban integrados. Xa non nos remitimos ao mitos antigos, senón aos habitantes anónimos cos que eles bailaban nos clubs de Detroit. Sen apropiación cultural, até a India, interactuar, desde o matérico e desde a alma, tocando a arpa, e manifestar a alteridade. Mostrar-se en público. As súas vestimentas remiten a un pasado recente e a un presente ancestral. Túnicas malvas e douradas para un corpo, para a música. Tocar coa punta dos dedos. Sentir a delicadeza cotiá das noites de concertos. A levedade do peso do tempo. A posta en escena. O público no escenario. A festa. A superposición de arquetipos eleva a nosa vibración. Somos viaxeiros, sabios e reis. Seremos a mestura de culturas nos guetos. E a afirmación constante dun racismo insoportábel. A duración da penumbra abrangue as nosas zonas de sombra e mostrámo-las como quen arranca unha espiña. Iniciámo-nos na delicadeza do encontro. A pulsión de vida. Actualizando a rota para que ninguén fique só na estrada. O filme estaba sendo rodado: o guión, os actores, os escenarios. Viaxe interior. Viaxe exterior. A integración: ética e estética.